



# RAP PARA O DESPILFARRO FREAR

## **Contidos que podes traballar con esta actividade:**

Área Ciencias Sociais. Bloque 2: O mundo en que vivimos.

Área Lingua Castelá e Literatura. Bloque 3. Comunicación escrita: escribir.

Área Educación musical. Bloque 2: A interpretación musical.

Área Valores sociais e cívicos. Bloque 3: A convivencia e os valores sociais.

## **Necesitaremos:**

Rap do conto “Esta historia é a pera” no anexo .

## **Consideracións previas para o educador/a:**

- É importante ler o conto “Esta historia é a pera” e traballar previamente as actividades “Despilfarro na neveira” e polo menos a primeira fase de “Facendo campaña”.
- As seguintes ligazóns, teñen bases rítmicas para rap, que poden ser útiles para a actividade:
- <https://www.youtube.com/watch?v=Q0JWsvlewIA>
- <https://www.youtube.com/watch?v=kZU9YY1UDMQ>
- [https://www.youtube.com/watch?v=6W\\_0fWzHgug](https://www.youtube.com/watch?v=6W_0fWzHgug)
- <https://www.youtube.com/watch?v=1e66UhRY2Os>
- <https://www.youtube.com/watch?v=HHLgdUzU2Dc>

## **Desenvolvemento**

### **1ª Fase: aprendendo a facer rap**

En gran grupo, ler no alto o rap do anexo. Dividir a letra entre os/as nenos/as e poñerlle música.

Reparar os decálogos que se elaboraron na actividade “Facendo campaña”.

### **2ª Fase: creando os nosos rap**

Partindo da práctica anterior, dividir a clase en grupos e pedir a cada grupo que compoñan o seu propio rap: deberán crear unha letra inspirándose no traballado ao crear os decálogos e engadirlle unha base rítmica.

### **3ª Fase: difundindo os nosos rap**

Poñer en común en clase todos os traballos interpretando cada grupo o seu rap. Ademais, sería moi interesante que se interpretasen en lugares onde ten lugar o despilfarro, como o comedor ou o patio á hora do recreo e que se puidesen interpretar nalgún dos Festivais que se realizan no colexio ao longo do curso escolar, para sensibilizar ao resto do alumnado do centro.

Outra posibilidade é que estes rap grávense para poder difundilos a través das redes sociais no marco da Actividade “Creamos unha Campaña”.

## **Anexo:**

E para esta historia rematar,  
unha canción imos cantar,  
porque se a comprendiches,  
debes axudar a difundir o aprendido:  
Ponlle música a este rap  
para o despilfarro frear.

Cada día, cheas de alimentos  
teñen ese triste final.  
Ademais dun despilfarro,  
é algo inxusto hai que frealo!  
moitas persoas non se poden alimentar,  
mentres nós non paramos de desperdiciar.

Antes da comida tirar,  
pensa no dano que vas causar.

Litros de auga para regar cultivos  
tractores expulsando gases nocivos  
esa comida produciuse  
e ti, non a comiches.  
Se responsable,  
pensa n@s demais,  
e tamén o noso planeta  
agradeceracho.

Antes da comida tirar,  
pensa no dano que vas causar.